

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: RES. APROBACIÓN EXPTE CONTRATACIÓN CONTRATO MIXTO SUBMINISTRO-OBRA AMPLIACIÓN PARQUE INFANTIL OS TILOS. SB-1/2024

EXPEDIENTE: 2024/G003/000836

Vista a Resolución da Alcaldía de 25 de xuño de 2024 (Res. 783/2024) pola que, en relación ao expediente de contratación CONTRATO MIXTO SUBMINISTRO-OBRA AMPLIACIÓN PARQUE INFANTIL OS TILOS. SB-1/2024, acórdase iniciar o expediente de contratación e incorporar os pregos de cláusulas e os informes de Secretaría e Intervención.

Incorporada ao expediente a seguinte documentación:

- Certificado de existencia de crédito de 30 de maio de 2024.
- Memoria valorada de AMPLIACIÓN PARQUE INFANTIL OS TILOS redactada polo Enxeñeiro Técnico Industrial José Ignacio Miguélez Penas, como Prego de Prescricións Técnicas de data febreiro 2024.
- Prego tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto simplificado de data 26 de xuño de 2024.
- Informe da adxunta a secretaría de data 26 de xuño de 2024.
- Informe de fiscalización de Intervención de data 27 de xuño de 2024.

Vistos os artigos 116 e 117 e a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, en relación ca delegación de competencias realizada por Decreto 783/2023 de 30 de xuño,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación do CONTRATO MIXTO SUBMINISTRO-OBRA AMPLIACIÓN PARQUE INFANTIL OS TILOS. SB-1/2024, mediante procedemento aberto simplificado.

Segundo.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, cos seus anexos, de data 26 de xuño de 2024, que rexerán a contratación, así como a Memoria valorada de AMPLIACIÓN PARQUE INFANTIL OS TILOS redactada polo Enxeñeiro Técnico Industrial José Ignacio Miguélez Penas, como Prego de Prescricións Técnicas de data febreiro 2024.

Terceiro.- Aprobar, o gasto que representa a dita contratación por importe de 39.990,00 € e 8.397,90 € de IVE, cun total de 48.387,90 €, con cargo á partida orzamentaria 171/619.00 do estado de gastos do orzamento municipal.

Cuarto.- Proceder á apertura do procedemento de adxudicación, publicando o anuncio de licitación no perfil do contratante do órgano de contratación (Plataforma de Contratación do Sector Público), para que os interesados poidan presentar as proposicións que consideren pertinentes, durante o prazo de 15 días naturais desde a citada publicación.

Quinto.- Determinar a composición da mesa de contratación, que deberá constituírse para a apertura de proposicións, e que estará integrada polos membros que se indican a continuación:

Presidente: Juan Jesús Cerqueiro Pintos, concelleiro delegado de Servicios Sociais, Familia, Infancia, 3ª Idade e Relacións Veciñais.

Vogais:

- D^a. Virginia Fraga Díaz, secretaria Xeral.
- D^a. Mónica Isabel Lado Varela, interventora Xeral.
- D. Ignacio Soto González, arquitecto municipal.
- D. Eloi Devesa Puente, concelleiro do grupo municipal do BNG.

Secretaria:

- D^a M^a Elena Sueiro Fernández, secretaria da mesa (Secretaria adxunta)

Suplentes: Os membros da mesa de contratación poderán ser substituídos por causa xustificada. A estes efectos o presidente será substituído pola concelleira Margarita Rosende Domínguez, a secretaria e a interventora serán substituídas polo/a funcionario/a que legalmente as supla, o arquitecto municipal polo arquitecto técnico

municipal don Luís Javier Castro Martínez, e o concelleiro Eloi Devesa Ponte pola concelleira Noelia Castaño Gosende. A secretaria da mesa será substituída por un/unha funcionario/a municipal.

Sexto.- Publicar o presente acordo no perfil do contratante de acordo co disposto no artigo 117 da LCSP.

Sétimo.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión que se celebre.

Teo, asinado, polas persoas que se detallan a continuación, na data da sinatura dixital que figura na marxe.

A alcaldesa,
Lucía Calvo de la Uz

A secretaria xeral, que dou fe
Virginia Fraga Díaz